

Dous. Engádesse unha disposición transitoria sexta, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria sexta. *Vixencia da lexislación anterior sobre clasificación e comercialización de implantes mamarios.*

1. Os implantes mamarios comercializados antes do 1 de setembro de 2003 e que fosen avaliados consonte o disposto na alínea a) do punto 1.2.^a do artigo 8, ou consonte o disposto na alínea b).3.^o do punto 1.2.^a do artigo 8 deste real decreto, estarán suxeitos a un novo procedemento de avaliación da conformidade como produtos sanitarios de clase III antes do 1 de marzo de 2004.

2. Malia o disposto no artigo 23.4 deste real decreto, non se prorrogarán as decisións sobre implantes mamarios adoptadas polo organismo notificado antes do 1 de setembro de 2003 consonte a alínea a) do punto 1.2.^a do artigo 8.»

Tres. Modifícase a redacción da disposición derradeira única, que queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición derradeira única. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Sanidade e Consumo para dicitar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto, así como para actualiza-las relacións de produtos establecidas no punto 4 do artigo 25 e na disposición adicional quinta, e para adopta-las disposicións que, en relación coa clasificación ou reclasificación dos produtos sanitarios ou coa modificación ou adaptación, se é o caso, das regras de clasificación destes produtos, se adopten no nivel comunitario ou resulten aconsellables por razóns técnicas ou científicas.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución, e de acordo co establecido nos artigos 40.5, 95 e 110 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e nos artigos 1.3, 2.1 e disposición derradeira única da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de setembro de 2003.

Dado en Madrid, o 20 de xuño de 2003.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade e Consumo,
ANA MARÍA PASTOR JULIÁN

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

13383 REAL DECRETO 743/2003, do 20 de xuño, polo que se regula a proba de acceso á universidade dos maiores do 25 anos. («BOE» 159, do 4-7-2003.)

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, no punto 1 da súa disposición adicional vixé-

sima quinta, establece que o Goberno, logo de informe do Consello de Coordinación Universitaria, regulará as condicións básicas para o acceso á universidade dos maiores do 25 anos que non estean en posesión do título de bacharelato ou equivalente.

En desenvolvemento desta disposición, este real decreto pretende fixar uns criterios básicos cos que poder valorar, por un lado, o grao de madurez e idoneidade dos candidatos a que se refire o parágrafo anterior para seguir con éxito estudos universitarios, así como a súa capacidade de razoamento e de expresión escrita e, por outro lado, as súas habilidades, capacidades e aptitudes para seguiren e superaren os estudos relacionados coa opción elixida.

Así mesmo, este real decreto deixa sen efecto a normativa ata agora vixente, que perdera parte da súa vixencia trala aprobación das leis orgánicas 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, e 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e máis aínda desde a recente aprobación da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Este real decreto foi consultado coas comunidades autónomas e sobre el emitiron informe o entón Consello de Universidades, en uso da autorización contida na disposición transitoria primeira da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, e o Consello Escolar do Estado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación, Cultura e Deporte, coa aprobación do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de xuño de 2003,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto regula-las condicións básicas para o acceso á universidade dos maiores do 25 anos que non reúnan os requisitos previstos no punto 2 do artigo 42 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

2. Os maiores do 25 anos de idade que non estean en posesión do título de bacharelato ou equivalente poderán ingresar directamente na universidade, mediante a superación da proba de acceso que se regula neste real decreto. Só poderán concorrer á citada proba de acceso os que cumpran, ou cumprisen, os 25 anos de idade antes do día 1 de outubro do ano natural en que aquela se celebre.

Artigo 2. *Estructura xeral da proba de acceso.*

1. A proba de acceso á universidade a que se refire o artigo 1 estrutúrase nunha proba común e nunha proba específica.

2. A proba común terá como obxectivo apreciar a madurez e idoneidade dos candidatos para seguir con éxito estudos universitarios, así como a súa capacidade de razoamento e de expresión escrita. Comprenderá tres exercicios referidos ós seguintes ámbitos:

- Comentario de texto ou desenvolvemento dun tema xeral de actualidade.
- Lingua castelá.
- Lingua estranxeira, a elixir entre inglés, francés, alemán, italiano e portugués.

No caso de que a proba se celebre en universidades dependentes de comunidades autónomas con outra lingua cooficial, a comunidade autónoma competente poderá establecer a obrigatoriedade dun cuarto exercicio referido á lingua cooficial.

3. A proba específica ten por finalidade valorar as habilidades, capacidades e aptitudes dos candidatos para seguiren e superaren os estudos da opción por eles elixida. A proba específica estrutúrase en cinco opcións: opción A (científico-tecnolóxica); opción B (ciencias da saúde); opción C (humanidades); opción D (ciencias sociais) e opción E (artes).

4. A organización das probas de acceso corresponde ás universidades que oferten titulacións vinculadas ás distintas opcións.

5. Os candidatos deberán realiza-la proba específica na opción da súa elección, correspondéndolles preferentemente, para efectos de ingreso, aqueles estudos universitarios ofrecidos pola universidade que estean vinculados a cada unha das citadas opcións, de acordo coa Orde do 25 de novembro do 1999, publicada no «Boletín Oficial del Estado» do 30 de novembro do 1999, pola que se determinan os estudos conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais que se relacionan con cada unha das opcións de acceso ós devanditos estudos, ou norma que a substitúa.

6. O establecemento das liñas xerais da metodoloxía, desenvolvemento e contidos dos exercicios que integran tanto a proba común como a proba específica, así como o establecemento dos criterios e fórmulas de valoración destas, será realizado por cada comunidade autónoma, logo de informe das universidades do seu territorio.

7. Para a realización dos exercicios, os candidatos poderán utilizar, á súa elección, calquera das linguas oficiais da comunidade autónoma na que se atope o centro en que se examinan. Non embargante, os exercicios correspondentes a lingua castelá, lingua cooficial propia da comunidade autónoma e idioma estranxeiro deberán desenvolverse nestas respectivas linguas.

8. No momento de efectua-la inscrición para a realización da proba de acceso, os candidatos deberán manifesta-la lingua estranxeira elixida para o correspondente exercicio da proba común, así como a opción elixida na proba específica de acordo co establecido no punto 3.

Artigo 3. *Convocatorias.*

1. As universidades realizarán anualmente unha convocatoria de proba de acceso para maiores do 25 anos.

2. Unha vez superada a proba de acceso, os candidatos poderanse presentar de novo en sucesivas convocatorias, coa finalidade de melloraren a súa cualificación e accederen ó primeiro ciclo duns estudos determinados, tomándose en consideración para tal efecto a cualificación obtida na nova convocatoria, sempre que esta sexa superior á anterior.

No suposto de que, na nova convocatoria, decidan realiza-la proba de acceso noutra universidade, só se tomará en consideración, para efectos de ingreso, a cualificación obtida nesta última.

3. A posibilidade de repetición da proba de acceso non será obstáculo para que o aspirante poida formaliza-la súa matrícula na universidade onde a realizou, no ano académico para o que se convocou a proba correspondente.

Artigo 4. *Universidade de realización da proba de acceso.*

1. Os candidatos poderán realiza-la proba de acceso regulada neste real decreto na universidade da súa elección, sempre que existan nesta os estudos que desexen cursar, correspondéndolles, para efectos de ingreso, a universidade na que realizasen aquela, sen prexuízo do previsto no punto 2 da disposición adicional segunda.

2. Non se poderá realiza-la proba de acceso, para un mesmo curso académico, en máis dunha universidade. En caso contrario, quedarán automaticamente anuladas tódalas probas realizadas.

Artigo 5. *Adaptación para aspirantes discapacitados.*

Para aqueles candidatos que, no momento da súa inscrición, xustifiquen debidamente algunha discapacidade que lles impida realiza-la proba de acceso cos medios ordinarios, adoptaranse as medidas oportunas para que o poidan facer nas condicións máis favorables en función da súa discapacidade.

Artigo 6. *Cualificación da proba de acceso.*

1. A cualificación da proba de acceso, e de cada un dos seus exercicios, será realizada pola universidade, de conformidade cos criterios e fórmulas de valoración establecidos pola comunidade autónoma. A cualificación final determinarase cunha puntuación de cero a 10, completada con dous decimais.

2. Entenderase que o candidato superou a proba de acceso cando obteña un mínimo de cinco puntos na cualificación final, e non se poderá en ningún caso facer media cando se obteña unha nota inferior a catro puntos na proba específica.

Artigo 7. *Reclamacións.*

Trala publicación das cualificacións, e de conformidade cos prazos e procedementos que determine cada comunidade autónoma, os candidatos poderán presentar reclamación mediante escrito razoado dirixido ó rector da universidade correspondente, sen prexuízo do disposto no punto 1.e) da disposición adicional segunda.

Disposición adicional primeira. *Probas de aptitude persoal para determinadas ensinanzas.*

Respecto do acceso ás ensinanzas de belas artes, tradución e interpretación e ciencias da actividade física e do deporte, así como para o acceso a ensinanzas obxecto de dobre titulación, seguirase o establecido na disposición adicional primeira do Real decreto 69/2000, do 21 de xaneiro, polo que se regulan os procedementos de selección para o ingreso nos centros universitarios dos estudantes que reúnan os requisitos legais necesarios para o acceso á universidade.

Disposición adicional segunda. *Comisión organizadora da proba de acceso.*

1. As comunidades autónomas poderán constituír nos seus respectivos ámbitos de xestión unha comisión organizadora da proba de acceso á universidade para maiores do 25 anos, á que, entre outras, se lle atribuirán as seguintes funcións:

- a) Coordinación da proba de acceso.
- b) Adopción de medidas para garanti-lo segredo do procedemento de elaboración e selección dos exames, así como o anonimato dos exercicios realizados polos alumnos.
- c) Adopción das medidas necesarias para garanti-lo establecido no artigo 2.7.
- d) Designación e constitución de tribunais.
- e) Resolución de reclamacións.

2. No suposto de que unha comunidade autónoma decida non facer uso da posibilidade prevista no punto anterior, a citada proba de acceso deberase realizar en todo caso nunha universidade pública, sen prexuízo de que os alumnos que superen esta se poidan matricular en universidades privadas con sede no devandito territorio.

3. A comisión organizadora, no caso de se constituír, elaborará anualmente un informe no que, entre

outros aspectos, se recollerán cantos datos, consideracións e propostas estimen convenientes para a adopción de medidas que contribúan á máxima garantía de obxectividade das probas.

4. O informe será presentado, antes do 31 de decembro do ano en que se realizasen as probas de acceso, á correspondente Administración educativa, que trasladará copia deste ó Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Disposición adicional terceira. *Equivalencia académica.*

A superación da proba de acceso regulada neste real decreto non equivale, para ningún efecto, á posesión de titulación académica ningunha.

Disposición adicional cuarta. *Referencia ó Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.*

As referencias ás comunidades autónomas que se conteñen neste real decreto entenderanse feitas, no caso da Universidade Nacional de Educación a Distancia, ó Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Disposición transitoria primeira. *Bacharelatos anteriores á Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro.*

Poderán concorrer ás probas previstas nesta norma os maiores do 25 anos que, estando en posesión de título de bacharelato anterior á Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, non reúnan as condicións necesarias para o acceso á universidade.

Disposición transitoria segunda. *Probas de acceso superadas en convocatorias anteriores.*

Aqueles candidatos declarados aptos nas probas de acceso para maiores do 25 anos realizadas con anterioridade á efectividade da aplicación deste real decreto, que non exercen o seu dereito a se matricularen nos estudos elixidos, poderán facer efectiva a matrícula para o curso académico 2003-2004 na universidade e estudos de que se trate, de acordo coas normas xerais e propias das universidades, actualmente vixentes.

No caso de que soliciten ocupar praza con posterioridade ó citado curso académico, a cualificación de apto obtida na correspondente proba específica considerárase como puntuación correspondente a cinco puntos.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde do 26 de maio do 1971, publicada no «Boletín Oficial del Estado» do 2 de xuño, pola que se regula o acceso ós estudos universitarios dos maiores do 25 anos, así como as ordes do 24 de febreiro do 1981, publicada no «Boletín Oficial del Estado» do 7 de marzo, e do 7 de abril do 1982, publicada no «Boletín Oficial del Estado» do 19 de abril, polas que se modifican determinados aspectos daquela, e demais normas de igual ou inferior rango que se opoñan ó establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro do previsto no artigo 149.1.30.^a da Constitución, e en desenvolvemento da disposición adicional vixésimo quinta e da disposición

derradeira terceira da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro.

Este real decreto ten o carácter de norma básica, salvo o sinalado na disposición adicional segunda.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario.*

Correspóndelle ó ministro de Educación, Cultura e Deporte dictar, no ámbito das súas competencias e sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas, cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e será de aplicación nas probas de acceso que se celebren a partir do curso académico 2004-2005.

Dado en Madrid, o 20 de xuño de 2003.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación, Cultura e Deporte,
PILAR DEL CASTILLO VERA

13384 *REAL DECRETO 832/2003, do 27 de xuño, polo que se establece a ordenación xeral e as ensinanzas comúns do bacharelato.* («BOE» 159, do 4-7-2003.)

Segundo establece a Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, no seu artigo 8.2, correspóndelle ó Goberno fixa-las ensinanzas comúns, que son os elementos básicos do currículo, en canto ós contidos, obxectivos e criterios de avaliación. A fixación destas ensinanzas é, en todo caso e pola súa propia natureza, competencia exclusiva do Estado, de acordo co previsto pola Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, na súa disposición adicional primeira.2.c), e a teor da disposición derradeira terceira.2 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

A finalidade destas ensinanzas comúns, e razón de ser da competencia que lle corresponde en exclusiva ó Estado para fixalas, é, tal e como se expresa no artigo 8.2 da referida Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, garantir unha formación común a tódolos alumnos dentro do sistema educativo español e a igual validez dos títulos correspondentes.

Para asegura-lo logro desta finalidade, as ensinanzas comúns han de quedar incluídas, nos seus propios termos, no currículo que cada unha das administracións educativas establece para o seu respectivo territorio, e á súa impartición debe dedicarse, en todo caso, de acordo co determinado pola propia Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, no seu artigo 8.2, o 55 por cento dos horarios escolares nas comunidades autónomas que teñan, xunto coa castelá, outra lingua propia cooficial, e o 65 por cento no caso daquelas que non a teñan.

A estas esixencias, impostas pola propia finalidade das ensinanzas comúns, obedece a fixación que dos contidos, obxectivos, criterios de avaliación e horarios das correspondentes á etapa de bacharelato se leva a cabo neste real decreto.